


Guía de lectura

Séchu Sende

MADE IN GALIZA



ANTES DE LER

1. Sobre o autor: Redacta unha breve biografía destacando os puntos máis importantes sobre Séchu Sende, o autor desta obra. Lembra empregar o pretérito.
2. Sobre o título: Cal é a denominación oficial, Galicia, Galiza ou ambas son válidas? Cal é a diferenza entre elas? Explicao coas túas palabras.
3. Por que cres que o autor empregou a denominación Galiza para o título desta obra?
4. Busca no dicionario ou noutra fonte que significan as palabras *bilingüismo*, *diglosia* e *normalización lingüística*. Pon exemplos destes conceptos.
5. Intenta tamén averiguar e explicar a diferenza entre unha lingua minoritaria e unha lingua minorizada. Da exemplos de linguas que se atopen nesta situación.
6. A que campo de estudio pertencen todos estes termos?
7. O libro comezo cun proverbio africano: *quen sabe falar nunca é pobre*. Que quere dicir? Estás de acordo? Hai algún proverbio semellante na túa lingua?
8. Por que razóns cres que unha persoa renunciaría a súa lingua materna?
9. Por que desaparecen as linguas? Coñeces algunha lingua que desaparecera?
10. Busca información sobre o dálmata e explica que aconteceu con esta lingua.
11. Como se pode evitar a desaparición ou extinción dunha lingua? Crea 5 mandatos ou suxerencias para non perder unha lingua.

ACTIVIDADES SOBRE OS TEXTOS:

1. Falar:

- Quen é o narrador deste relato? Que situación se produce na súa casa? Paréceche normal? Coñeces algunha situación semellante?

2. Curtametraxe:

- Este relato podería ser o comezo dunha historia de amor. Que cres que había escrito no papel dentro do pexego? Escribe una continuación para a historia de Lucía e Marcos.

3. O ladrón de palabras:

- *Era un país hai momento no que...* De que tipo de narracións é típico este inicio?
- Que era o que facía aquel ladrón? Como se describe ao ladrón? A quen lle roubaba?
- Cres que representa algo máis? De que país pode estar a falar?

4. A fábrica de palabras:

- A que se dedica a empresa de Markus Lei? Cres que é unha empresa ficticia? Podería darse no futuro este tipo de casos? Xustifca a túa resposta.
- Explica esta frase: *Despois de que o ser humano chegase a pagar pola comida, pola auga, pola enerxía, pola vivenda ou a información, chegou o momento de pagar por falar.* Cres que se trata dunha crítica á sociedade? Por qué?

5. Instrucciones para empezar a falar gallego:

- En que lingua está escrito este texto? Que intención ten? Cal é a conclusión?
- No texto recóllense algunhas das reaccións que pode mostrar a xente cando unha persoa empeza a falar en galego? Son positivas? Por que cres que acontece iso?

6. Unha imaxe vale máis...:

- Por que é especial o álbum de fotografías do protagonista?
- Onde se sitúa a súa casa? Que cambios reflicten as fotos que tomaron ao longo do tempo?
- Cal é a reflexión que podemos extraer deste relato?

7. Nin en soños vou perder a miña lingua:

- Quen é o protagonista do relato? Por qué está preocupado?
- Segundo a súa nai onde se está perdendo máis a lingua: na cidade ou no campo? A que cres que se debe?
- A palabra *lingua* pode ter máis dun significado. Cales son estes significados? Como se chaman este tipo de palabras?

8. Estudo sociolinguístico sobre a mocidade baixo os efectos das drogas:

- Cres que se trata dun estudo real? Por que?
- Que declaracións te chaman máis a atención? Por que?
- Hai algunha destas declaración coas que estas de acordo?
- Intenta definir as seguintes palabras: *facha, funcionario, independentista, meter unha hostia, comerse un rosco...*

9. A lingua máis difícil:

- O texto fala dun país pequeno e descoñecido no que a xente ten problemas para falar na súa lingua. A que cres que se refire?
- Por que cres que hai xente que non é capaz de dicir *ola, bo día* ou *boa noite*. Trátase da complexidade das palabras ou hai outros motivos?
- Neste texto tamén se fala dunha palabra que se usa para denominar a un cuberto cóncavo co que se come a sopa. Que palabra é?

10. Madrith:

- Onde se sitúa a acción?
- Neste texto, o narrador desta realidade paralela expón moitas situacións inxustas: por exemplo, que o castelán non se fala nas escolas nin nos medios de comunicación, que é difícil atopar música ou películas en castelán, que a xente se avergonza de falalo porque pensa que non é unha lingua de prestixio... Que outras situacións explica?
- Cal cres que é o obxectivo deste relato? É verdade que o castelán sufra esa situación?

11. Um lugar sem palabras:

- En que lugar transcorre a acción deste relato?
- Que pasa na aldea de Varba? Por que?
- Se non poden empregar as palabras, como se comunican os habitantes de Varba?
- Describe a paisaxe e as casas desta aldea.
- Quen lle roubou as palabras a esta xente? Que lingua falaban?
- Se te fixas no texto, verás que non está escrito no galego que coñeces: *um, palavra, caminho, muitas, estaçom, longe...* (en lugar de *un, palabra, camiño, moitas, estación e lonxe*). Esta variedade gramatical denomínase *reintegracionismo*. Busca máis información sobre esta corrente. É oficial en Galicia? A que lingua se asemella?
- Vendo este texto e comparándoo co galego normativo que coñeces, poderías extraer algunhas regras gramaticais?

- Cres que Varba existe de verdade? Por que cres que Séchu Sende se interesou por esta historia? Podes consultar [esta nova](#) para ver máis información.

12. NH positivo:

- Este texto é un diálogo entre dúas letras: cales son?
- Onde adoita aparecer o *nh*? Está recoñecido pola lei para aparecer en libros e publicacións oficiais?
- Cando apareceu o ñ en Galicia? De que acusa *nh* ao ñ?
- Ao onde marchou *nh*? Por que?
- Quen cres que ten razón? Investiga un pouco e argumenta a túa opinión.

13. Estou contigo:

- Este último escrito, que xa vimos na aula, é unha carta de amor. Pero aínda que o pareza non é unha carta a unha rapaza senón á lingua. Agora, escribe ti unha carta semellante destinada á túa lingua. Podes mencionar palabras ou expresións que che gusten especialmente, autores que escriban nela, sentimentos que che produza... (extensión mínima de 80 palabras).

OUTRAS ACTIVIDADES:

- *Eu nunca serei yo*: Explica o significado desta frase que aparece intercalada no libro.
- Séchu Sende, o autor desta obra, é un neofalante. Iso quere dicir que comezou falando e foi educado en castelán pero que nalgún punto da súa vida decidiu cambiar de lingua e comprometerse co galego. Mira [esta charla](#) que deu na Casa da cultura en Vigo e responde: a que idade empezou a falar en galego? Por que? Para poder entender un pouco máis o que conta, podedes consultar o relato *Eu fixen ouigha co espírito de Castelao* (páxina 39 do libro).
- Cal é o problema dos neofalantes segundo o que conta no vídeo?
- Consulta este documental, [Linguas cruzadas](#), para saber un pouco máis sobre a situación do galego entre a xente nova. Explica as distintas posturas que se presentan no vídeo (mínimo 80 palabras).